



25 SARMIENTO's

No presente ano publícase o número 25 de *Sarmiento*. En realidade foron 24 números, pois houbo que editar un dobre (18-19) en 2015, mais os anos suman 25, e ese cuarto de século ben merece ser lembrado e celebrado, aínda que sexa modestamente.

A idea xermolou, se non lembro mal, nunha viaxe que fixemos a Granada o grupo galego de historiadores da educación para participar no IX Coloquio de Historia da Educación de 1996. Esas viaxes adoitaban ser demoradas, porque, sen menosprezar a meta, unha boa parte do seu aliciente radicaba no propio camiño. Precisamente por seren demoradas, non sempre se escollía a ruta máis curta, para desespero dalgúns dos viaxantes. Realizábanse nos nosos propios carros, polo regular dous, e na súa planificación predominaba a improvisación, nomeadamente no referente á durmida, que por veces resultou problemática. Amenizábanas os contos, a música e por veces a poesía —lembro o recitado de Antonio Machado a cargo de Herminio Barreiro ao atravesarmos Soria— e condimentábanas a gastronomía dos lugares que atravesabamos. E todas e todos eramos aínda moi novos...

Non lembro con precisión a conformación daquela caravana, mais no consello editor do primeiro número de *Sarmiento* figuramos Herminio Barreiro Rodríguez (director), Carmen Benso Calvo, Xosé Manuel Cid Fernández, Antón Costa Rico, Narciso de Gabriel, Eugenio Otero Urtaza, Carmen Pereira Domínguez, Anxo Serafín Porto Ucha, Vicente Peña Saavedra (secretario), Sabela Rivas Barrós e José María Sánchez Pernas, e unha boa parte deles participamos no deseño e concreción do proxecto. Das 11 persoas mencionadas, dúas morreron (Herminio e José María) e cinco están xubiladas: as dúas Carmes, Anxo, Vicente e Antón, aínda que algunhas seguen a participar na revista.

A idea era facer unha publicación das tres universidades galegas —creáranse uns anos antes as da Coruña e Vigo, que se unían á centenaria de Compostela—, e finalmente conseguimos implicar no proxecto os seus respectivos servizos de publicacións. Nun primeiro momento foi a Universidade de Vigo a que se encargou de xestionar a edición, e andando o tempo asumiu esta tarefa a da Coruña. A confección dos números correspondeu desde o comezo á Coruña, debendo destacarse neste sentido o traballo realizado polo profesor José Luís Iglesias Salvado, que exerce como secretario desde 1999. A súa xenerosa dedicación está posibilitando ademais que o conxunto da colección se publique na plataforma de revistas electrónicas da Universidade da Coruña: <https://revistas.udc.es/index.php/sarmiento>

Aínda que *Sarmiento* naceu con recendo a papel e se resiste a perdelo, somos plenamente conscientes da necesidade de potenciar a edición dixital.

En 2017, coincidindo co número 21, produciuse un importante cambio, e mesmo mudou o subtítulo da revista: o primixenio *Anuario Galego de Historia da Educación* converteuse en *Revista Galego-Portuguesa de Historia da Educación*. En consecuencia, incorporáronse ao comité de redacción Justino Magalhães e Joaquim Pintassilgo, pertencentes ambos ao Instituto de Educación da Universidade de Lisboa, e ingresaron no consello editor Luís Alberto Marques Alves (Faculdade de Letras da Universidade do Porto), António Gomes Ferreira (Faculdade de Psicologia e de Ciências da Educação da Universidade de Coimbra), José António Afonso (Instituto de Educación da Universidade do Minho) e Raquel Pereira Henriques (Faculdade de Ciências Sociais e Humanas da Universidade Nova de Lisboa).

Esta apertura a Portugal, que estivo representado desde o primeiro número polo compañeiro e amigo António Nóvoa, membro do consello asesor, está a permitir que aumente de forma notábel a masa crítica que serve de sostén á publicación. É moito o que comparten Portugal e Galiza, e *Sarmiento* aspira a ser un elo máis nesta historia compartida.

Fagamos votos para que a revista se prolongue cando menos outros 25 anos, mellore a súa calidade e incremente a súa difusión. O futuro é longo!



Narciso DE GABRIEL
Director